



Promove:



Impulsa:



Concello
do Riós

Desenvolve:



+INFO E
ADHESIÓNS



www.cels.depourense.gal
concello@concelloderios.gal

+34 988 42 50 32



Que son as comunidades enerxéticas?

As comunidades enerxéticas poden levar a cabo múltiples actividades: **producir, consumir, almacenar, compartir ou vender enerxía**. Un exemplo deste tipo de actividades nas que se poden basear son o autoconsumo ou a xeración distribuída, que supoñen un factor importante para o **aforro económico** de moitas familias, especialmente das máis vulnerables, xa que deste modo poden facer fronte á **pobreza enerxética**.

Coas comunidades enerxéticas evítase a dependencia respecto das compañías eléctricas convencionais e auméntase a competitividade na industria. Ademais, os beneficios ambientais son importantes: unha **diminución da enerxía consumida, un aumento da enerxía renovable** distribuída ou unha redución dos combustibles fósiles empregados. E tamén o son os sociais: o apoderamento cidadán local, a creación dun tecido comunitario ou o reinvestimento dos beneficios da actividade nos aspectos prioritarios para a comunidade.

Fonte: Instituto para a Diversificación e o Aforro de Enerxía (IDAE).

Qué é CEL Riós?

É un proxecto de comunidade enerxética local (CEL) impulsado polo Concello de Riós para afrontar a transición enerxética no ámbito da súa localidade. Grazas á nosa comunidade enerxética, a cidadanía beneficiarase das vantaxes do uso colectivo e compartido da enerxía solar fotovoltaica producida no propio concello, transformándose así en prosumidora (produtora e consumidora á vez).


Quen se poderá adherir?

As vivendas ou tendas situadas **a menos de 2000 metros** das instalacións xeración de enerxía eléctrica para o autoconsumo colectivo a partir da enerxía solar fotovoltaica.

Gustaríache formar parte?

Fai constar o teu interese contactando co Concello no teléfono ou no correo electrónico que verás no frontal deste folleto, ou visítanos de luns a venres de 9:00h a 14:00h e informarámoste de todo.

Por que formar parte?



Non precisas facer **ningunha inversión nin instalación** na túa vivenda.



Reduces a pegada de carbono do noso municipio cunha alternativa **enerxética sustentable** que respecta o medio natural.



Aforrarás ata un 15 % na túa factura eléctrica.